

COMITÉ DE APELACIÓNS DA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN

Recurso de Alzada: 4/ 2018-2019
Solicitante: Clube balonmán Deza

RESOLUCIÓN

Visto o recurso de apelación presentado polo clube Balonmán Deza, en data 29/03/19, no que solicita non só a revogación senón tamén a suspensión cautelar da sanción imposta ó xogador do devandito clube don Manuel Enríquez Balado, polo acordo 2.3.4., de data 27-03-19 (acta nº 27) do Comité de Competición; procédese a resolver con respecto a esa medida cautelar solicitada en base os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- En data 27/03/2019 o Comité Territorial de Competición da Federación Galega de Balonmán, facendo uso das súas facultades e competencias, acorda entre outras medidas disciplinarias:

2.3.4.- Sancionar ao XOGADOR do CLUBE B. DEZA, MANUEL ENRÍQUEZ BALADO, con suspensión temporal de UN (1) encontro de competición oficial pola comisión dunha infracción leve do artigo 34A) do RRDG.

SEGUNDO.- Sanción que ven de ser recorrida polo club BM. Pontedeume mediante recurso, presentado en tempo e forma.

A salvo do fondo do asunto solicitan a suspensión do cumprimento da sanción como medida cautelar, motivo da presente resolución.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

ÚNICO: Dacordo co establecido no RRDG, este Comité de Apelación dispón da capacidade discrecional de suspender as sancións impostas namentres non se resolva o recurso correspondente, sempre que se motive xurídicamente a resolución que se adopte, conforme aos principios reitores da actividade administrativa nesta materia.

A tenor do establecido no artigo 117 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común, para que se poida acordar a suspensión da execución do acordo do Comité de Competición é necesario que se cumpra algún dos seguintes requisitos:

a) que a execución puidera causar un prexuício de imposible ou difícil reparación,

b) ou que o recurso de apelación se fundamente nalgunha das causas de nulidade de pleno dereito das recollidas no artigo 47.1 da citada Lei.

No presente caso, é evidente que o cumprimento da sanción acordada polo Comité de competición provocaría un dano que non podería ser reparado, no caso de que tal sanción fose anulado por este Comité de apelacións.

Deben terse en conta, ademais que os principios penais, que se teñen que aplicar, por analoxía a todo procedemento administrativo sancionador, antepoñen as garantías a favor dos sancionados ao obxecto de que prevalezan os seus lexítimos intereses.

A maiores, só nos casos especialmente graves, nos que se faga imposible a súa posterior executabilidade ou ben nos que se atopen en risco bens de maior protección, é posible executar as sancións con anterioridade á firmeza da resolución que a impón. Non tratándose de feitos de especial gravidade, que poñen en perigo bens de maior protección e sendo posible que o bogador cumpra a suspensión temporal dun partido unha vez conste resolución expresa do recurso presentado, procede a suspensión da execución.

A medida cautelar valórase *per se*, sen entrar a resolver no fondo da cuestión, a procedencia ou non da sanción imposta polo Comité de competición pola comisión dunha infracción tipificada no artigo 34 a) do RRDG; que dilucidarase na resolución do recurso.

Por todo o exposto, este Comité de Apelación, reunido ao efecto todos os seus membros no lugar e data indicados,



FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN
FEDERACIÓN GALLEGA DE BALONMANO



XUNTA
DE GALICIA

RESOLVE

Acordar a SUSPENSIÓN CAUTELAR, arriba referida, do acordo 2.3.4. do Comité Territorial de Competición desta Federación de data 27/03/19 (acta nº 27).

Esta resolución é firme e contra a mesma non cabe recurso algún. Comuníquese aos interesados.

Vigo, 29 de marzo de 2019

A Presidenta do Comité de Apelacións
Asdo. Laura González Solia